

NOME CIENTÍFICO

Acer negundo

Descrición:

Árbore de mediano porte, non soe exceder os 10-20 metros de altura e cun diámetro de tronco de 40-50 centímetros.



13

As flores son pequenas e se agrupan en inflorescencias péndulas que son dioicas.

Familia: Sapindaceae
Orixe: Norteamérica
Nome común: Pradairo



14



16



15

A súa folla é distinta á dos outros pradairos, sendo esta pinnada (composta por varios folíolos) e presenta os seus bordos serrados. Ten uns 12 centímetros de lonxitude.

Os seus froitos teñen dúas ás para facilitar a súa dispersión polo vento.

Acer negundo

Hábitat

Orixinario da parte norte do continente americano aínda que podemos atopar exemplares en lugares tan ao sur como Guatemala. Foi introducido en Europa en 1668.

Prefire os solos soleados e húmidos. A presenza humana facilitou moito o seu éxito e dispersión.

Varias especies de paxaros e esquíos aliméntanse da súas sementes e existen especies de hemípteros que poñen os seus ovos de forma preferente nesta árbore.

Usos ou propiedades

Utilízase como árbore ornamental nas cidades debido á súa resistencia á contaminación, rápido crecemento e nula toxicidade.

A súa madeira é de moi mala calidade polo que non se utiliza en ebanistería, sen embargo, si que ten utilidade para a obtención de fibras.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

O nome de “pradairo” procede do latín acer que significa afiado, facendo referencia ás puntas das súas follas.